

**FRANCISCO JOSÉ FRAGA CIVEIRA**, Portavoz do Grupo Socialista da Deputación Provincial de Ourense, en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presento as seguintes:

**PREGUNTAS PARA SEREN FORMULADAS ORALMENTE NO VINDEIRO PLENO ORDINARIO DO 29 DE SETEMBRO DE 2017;**

1. En base á resposta remitida por esta presidencia o pasado 25 de setembro, na que nos viñan a dicir que a colaboración co goberno autonómico para realizar traballos de elaboración do estudo sobre as franxas protección contra incendios se estaba a realizar posto que a prioridade nos meses de verán fora a de poñer todos os medios da deputación a dispor da Xunta; solicito que me informe de canto persoal tivo esta deputación a dispor da Consellería de Medio Rural? En que incendios ou lumes forestais colaboraron? Cantos medios e persoal enviaron para colaborar na loita contra os lumes forestais? (Vicente Gómez)
2. Temos constancia de que o Presidente da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, tiña intención de solicitarlle a este goberno provincial, unha axuda ou subvención para apoiar a realización do Festival de Curtas de Verín. Pode confirmarnos a recepción desa solicitude de axuda? En caso de que así fose, ten, esta presidencia, pensado concederlle algunha axuda ou subvención a este festival de curtametraxes? (Vicente Gómez)
3. Respecto das brigadas medioambientais desta deputación; pode informarnos, en primeiro lugar, do número das que dispón esta institución, do número de membros que as compoñen e do protocolo de actuación das mesmas, é dicir, do procedemento a seguir para que accedan a traballar nos concellos? (Vicente Gómez)

En Ourense, 27 de setembro de 2017.

Asdo. Francisco José Fraga Civeira



**-SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE**